

Expediente IET: P-22-453
Proxecto: Parque eólico Monteagudo (modificación substancial)
Concello: Arteixo, A Laracha e Carballo (A Coruña)
Promotor: Eólicos Breogán SLU

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 01/06/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de Parque eólico Monteagudo (modificación substancial).

1. Antecedentes:

Con datas do 05/05/2011 e 30/11/2011 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, emitiu informes sobre o proxecto do parque eólico Monteagudo, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Con data do 08/10/2012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable sobre este proxecto. Finalmente, por Resolución de 31/06/2013, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas aprobou o proxecto de execución do parque eólico. A nova solicitude responde a un novo procedemento de avaliación ambiental.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Monteagudo, de 20,88 MW, composto por 5 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción



de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, zonas de provisión e gabias para a rede eléctrica). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia, regulándose tres deles a 4 e outro a 4,38, cunha altura da buxa de 125 metros e cun diámetro de rotor de 149,1 metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 2.136,90 m dun total de 3.202,92 m.

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas da Coruña consiste nun estudo de impacto ambiental (outubro 2021) que inclúe un EIIP como documento específico (Anexo D).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, na comarca paisaxística de Arco Bergantiñá. Na contorna do proxecto sitúase a AEIP-10-09 Monte do Xalo a 13,8 km ao leste, a AEIP-09-09 Ribeira da Pena a 14,7 km ao sur, a AEIP-09-08 Fervenza de San Paio a 19,7 km ao sur, a AEIP-09-01 Refuxio de Verdes a 16,4 ao oeste e a 18,1 km na mesma dirección a AEIP-09-02 Río Louro. No relacionado cos miradoiros cabe destacar o gran número deles existentes ao longo da costa entre Malpica e a Coruña, uns 15 miradoiros se ben a maioría orientados cara o mar; terra adentro atópanse outros moitos miradoiros, sendo os máis próximos os de Monte Alto a 1,9 km, Monte Neme a 10,4 km, Monte de Santa Locaia a 9,6 km, e Santa Marta a 9,2 km. Os sendeiros máis próximos son o PR-G 142 Ruta das Férvedas a 12,4 km ao suroeste, PR-G 129 Senda Rodis-Xesteda a 17,3 km ao sur, o sendeiro PR-G 131 Cerceda-Portobrea a 16,9 km ao sueste e na mesma dirección a PR-G 130 Meirama-Xalo-Meirama a 15,8 km. Nas proximidade da infraestrutura cabe salientar o lugar de especial interese paisaxístico (LEIP) Lagoa de Baldaio e os demais relacionados coa mesma así como os da praia de Baldaio.

Parte das instalacións atópanse no ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral de Galicia; concretamente a posición A1.1 atópase na área continua de ordenación, dentro dunha área de protección de ladeira. Na parte correspondente ao concello de Carballo, domina a clasificación de solo rústico de especial protección paisaxística establecida polo PXOM.

Os aeroxeradores sitúanse no monte do Espírito Santo ao redor do alto de Pedra da Auga e do alto a Castiñeira, de 207 e 243 m sobre o nivel do mar respectivamente. Trátase dunha zona de cumios redondeados con pendente non moi acusadas situados a carón da costa, e que destacan no territorio circundante. Entre os montes discorren o rego das Moas e o rego de Borrazás que desembocan no río do Rapadoiro. A principal cobertura do solo no ámbito máis inmediato da infraestrutura é a de plantacións forestais, rodeada principalmente por un mosaico agrario. Tamén se aprecian pequenos afloramentos rochosos nas proximidades dalgunhas posicións. As principais estradas de comunicación son as estradas provinciais DP-0513 ao leste da infraestrutura e a DP-1909 ao noroeste. Os núcleos de poboación máis próximos son Goxán, o Outeiro, o Rapadoiro, Borrazás, Corteo de Abaixo e sobre todo Carballedo a escasos 500 m da posición A1.1. Os principais núcleos de poboación son Carballo a 11,5 km ao suroeste, Laracha a 5,5 km ao sur, Arteiro a 8 km ao leste, e Caión a 1,4 km ao norte.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe analizando os seus valores e determinando o grao de fragilidade e calidade paisaxística do ámbito. Leva a cabo un estudo da visibilidade de cada aeroxerador nun radio de 15 km e dende algúns dos elementos de valor, ao tempo que achega infografías dende puntos singulares. Resume as características principais do proxecto e fai unha estimación dos impactos visuais previstos sobre os elementos da paisaxe durante a fase de funcionamento. Xustifica como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe. Establece, por último, medidas de integración, tanto preventivas como correctoras, centradas na menor afección e a conseguinte revexetación.



Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no EIIP, a infraestrutura será visible dende o 25,7 % da superficie da envolvente de 15 km, se ben este cálculo non tivo en conta a superficie marítima afectada dentro dese radio, polo que se agarda unha maior visibilidade. Os aerogeradores serán visibles dende un gran número de miradoiros e núcleos de poboación, así como dende os sendeiros e as AEIP próximas. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aerogeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades, o que provocará que no 93,55 % da superficie en terra da envolvente de 15 km sexa visible algún aerogerador.

Poden producirse outros impactos como os que afectan ás plantacións forestais no caso de toda a infraestrutura, e aos afloramentos rochosos principalmente no ámbito da cimentación da posición A2.1.

As medidas de integración paisaxística céntranse na revexetación e no tratamento superficial da zona. Estas medidas poden considerarse en xeral axeitadas para a restauración da superficie vexetal, se ben non serán eficaces para reducir o impacto visual dos aerogeradores.

6. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben debe completarse conforme se sinala a continuación.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aerogeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aerogeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar a vila de Caión, a súa contorna e a praia de Baldaio, así como os numerosos miradoiros e demais núcleos de poboación próximos. Esta incidencia visual, se ben non supón un impacto crítico, poderá ser mitigada mediante o emprego de máquinas de dimensións máis reducidas para as posicións A1.1 e A1.2 que, aínda que non produzan unha diminución significativa da visibilidade, si poden reducir considerablemente o seu impacto sobre a costa e a vila de Caión. Ademais, esta incidencia visual tamén poderá ser mitigada con medidas correctoras nos núcleos rurais; a este respecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aerogeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aerogeradores (directriz de paisaxe DX.20.c).

Tamén se deberá estudar a posibilidade de mover o aerogerador A2.1 para evitar a afección aos afloramentos rochosos, agás que se xustifique que os afloramentos afectados carecen de valor paisaxístico pola su entidade e morfoloxía (para o cal deberá achegarse unha reportaxe fotográfica).



As anteditas medidas e documentos deberán ser debidamente analizadas e incorporadas ao EIIIP, que debe someterse a un novo informe do IET.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

